CATEGORÍA: SEMBLANZAS PUBLICADO O LUNES, 23 MAIO 2011 08:56
ESCRITO POR DANIEL PRIETO PARA "XORNAL DE GALICIA" VISITAS: 245

Paul Preston: “Galicia era unha zona de dominio da dereita, a represión foi realmente gratuíta”

Paul Preston: “Galicia era unha zona de dominio da dereita, a represión foi realmente gratuíta”

Mentres que os rebeldes levaron a cabo "un plan preconcebido de exterminio", as autoridades da Segunda República "intentaron poñer fin ás atrocidades desde o comezo" do conflito.

Paul Preston.

Paul Preston (Liverpool, 1946), un dos máis prestixiosos hispanistas da actualidade, acaba de presentar o ensaio El holocausto español. Odio y exterminio en la Guerra Civil y después, onde aborda as “atrocidades” cometidas nos bandos franquista e republicano a raíz do golpe de Estado de 1936 e as súas “diferenzas”. Preston, catedrático Príncipe de Asturias de Historia Contemporánea española e director do Centro Cañada Blanch para o Estudo da España Contemporánea da London School of Economics, sintetiza nesta obra unha década de estudos que lle supuxo “un gran desgaste emocional” e que naceu coa vocación de “contribuír á reconciliación”.

Cales serían as principais diferenzas entre ambos os dous bandos enfrontados na Guerra Civil?

Hai dúas grandes diferenzas, que tamén teñen relación entre si. A primeira refírese á intencionalidade. Na zona rebelde os asasinatos foron a consecuencia dunha penitencia deliberada. Houbo un plan preconcibido de exterminio do que eu denominaría o pobo republicano, de todos os sectores máis representativos do ideario republicano: alcaldes, edís, mestres de escola ou sindicalistas. Ademais, na zona republicana as autoridades intentaron poñer fin ás atrocidades desde o comezo. Esa é a gran diferenza. A maioría dos crimes en zona republicana leváronse a cabo á marxe das autoridades e a través de elementos que foron soltados dos cárceres a consecuencia do colapso do aparello republicano tras o golpe militar. Outros foron persoas de esquerdas que se quixeron vingar dos que consideraban responsables do golpe militar. A segunda diferencia é de escala. Na zona republicana os mortos foron uns 50.000, unha cifra espantosa, pero o groso das baixas tivo lugar entre o 18 de xullo de 1936 e finais de decembro dese ano, cando o Goberno republicano estaba en vías de restablecer a orde pública. En cambio, na zona rebelde os mortos foron 150.000 como mínimo, tres veces máis.

Coñecemos ben as batallas das grandes cidades pero vostede afonda no libro nas vítimas lonxe da fronte, como ocorreu en Galicia. Que características tiveron este tipo de mortes?

Esta é outra das grandes diferencias. Porque a maioría dos asasinatos en zona republicana tiveron lugar nas grandes cidades: Madrid, Barcelona, Valencia, Málaga... sitios con representación diplomática doutros países e correspondentes estranxeiros de prensa. En cambio, en Andalucía, Estremadura e Galicia o groso dos mortos quedou fóra do alcance deses testemuños. As autoridades rebeldes tiveron moito coidado á hora de excluír os correspondentes dos periódicos para que non presenciasen eses feitos e a maioría dos asasinatos ocorreron moi lonxe de onde puidese haber testemuños. Galicia é un caso moi rechamante porque foi unha zona politicamente

de dominio do centro dereita e da dereita e a represión foi realmente gratuíta. Nas eleccións da Fronte Popular, Galicia non quedou como un área marcadamente de esquerdas en absoluto, non obstante a represión foi brutal tanto en Ferrol, A Coruña, Vigo e Pontevedra como no agro, sobre todo nas dúas provincias máis dereitistas: Lugo e Ourense.

A súa obra está a resultar incómoda para algunhas persoas. É un síntoma de que na España do século XXI aínda non quedaron pechadas esas feridas?

En xeral o libro tivo reseñas positivas tanto en sectores de dereitas como de esquerdas. Recibín moitos testemuños de lectores que foron parentes das persoas das que falo no libro, e de xente que conta con casos semellantes nas súas familias. Logo houbo dúas correntes críticas. Por unha banda está evidentemente a extrema dereita, cunha posición contraditoria porque nega a escala da represión franquista e á vez argumenta que esa violencia estivo xustificada ante os crimes da República. Iso xa o esperaba porque ese sector non busca a reconciliación. Logo houbo outras voces máis serias, aínda que persoalmente penso que están equivocadas, que afirman que todos eran igualmente malos e queren establecer unha equivalencia exacta entre os dous bandos. E coido que é unha postura que case pecha os ollos ante o inmenso sufrimento dos seus compatriotas, e iso a min chócame como estranxeiro. E é que ao intentar establecer esta equivalencia, comparan a actividade de Franco, Mola, Queipo de Llano e eses xenerais que dirixían oficialmente as matanzas na súa zona, coa dos anarquistas na zona republicana. E iso é absurdo porque a idea da equivalencia esquece algo moi importante, que a zona rebelde foi totalitaria e quedou baixo a disciplina férrea militar e o que aí pasou foi obra dos militares e dos seus aliados. E a República foi pluralista e as súas autoridades foron en contra das atrocidades. E non se poden comparar aos desmandos dos anarquistas, que realizaron actividades en contra da orde pública, co que ocorreu na outra zona, onde eses crimes estiveron dirixidos desde arriba.

Afirmou que outra gran diferenza entre ambos os dous bandos foi o respecto republicano cara á muller. O golpe de estado, en que medida determinou o papel feminino nos anos posteriores?

A Segunda República introducira unha serie de leis que outorgaban moitos dereitos á muller. Déralle o voto e o dereito ao divorcio. E eses dereitos femininos ían en contra da ideoloxía mesma da dereita, que postulaba que a muller tiña que estar subordinada ao home en todo. A figura da muller independente e solteira alporizaba a moitos sectores da dereita. Durante o alzamento, parte do pagamento ás columnas africanas era que por varias horas podían facer o que quixesen en cada vila pola que pasaban: roubos, violacións e demais. En xeral, os crimes sexuais eran unha parte moi importante do castigo dos rebeldes á República pola súa ousadía ao intentar cambiar a posición da muller. En cambio, na zona republicana atopamos institucións que recoñeceron a igualdade de xénero. E ideoloxicamente os partidos republicanos tamén estaban a favor da igualdade de xénero. Así que houbo unha inmensa diferencia en ambas zonas con respecto a estes abusos e aos crimes sexuais.

Fala de reconciliación. Ten manifestado que este libro pretende ser unha achega nese sentido. Cre necesario iniciar outro tipo de Transición e rachar co pacto de silencio establecido en España?

Quizais se esaxere un pouco sobre o grao de crispación existente. Hai que ter en conta que houbo case tres xeracións que naceron tras a morte de Franco. Cada vez hai máis xente que non sabe nada da Guerra Civil, e nenos e adolescentes que nin sequera saben quen era Franco. Nese sentido, o groso do traballo faino o paso do tempo. Pero é obvio que si que hai certo grao de crispación e espero que este libro sexa unha contribución á reconciliación, para facerlle ver a moita xente que a dor tamén existiu no outro bando, non aos políticos que queren manter viva esa crispación. Que iso sexa suficiente? Non creo. Pero espero que sexa unha contribución. E se o libro suscita debate, agardo que a longo prazo sirva para esa reconciliación.

No libro emprega o termo holocausto, o masacre dun pobo. Xa mencionou ese plan de exterminio preconcibido na dereita desde arriba pero, podemos establecer algún paralelismo con outros holocaustos?

Partín da base de non discutirlle ao pobo xudeu a dor pola que pasou. Pero non creo que haxa un monopolio da palabra holocausto. Este termo vén do grego e significa “queimar todo”. En latín holocaustum pasou a significar “sacrificio”, pero a partir do século XIV empezouse a usar para falar dunha “gran matanza”, e así se veu utilizando ao longo dos anos. Falouse por exemplo do holocausto dos armenios en 1913 e hoxe en día alúdese a un posible holocausto nuclear. Así que o termo úsase moito fóra do contexto da Segunda Guerra Mundial. Ademais moitos historiadores xudeus prefiren empregar a palabra hebrea shoah, que significa “catástrofe, calamidade, desastre e destrución”. Os investigadores xudeus adoptaron esta verba e prefírena a holocausto, porque esta última ten unha connotación relixiosa que se pode referir á matanza dun pobo en termos relixiosos. Neste contexto, eu non atopaba outra palabra que encapsulase mellor a escala, o grao e a intensidade do sufrimento de medio millón de inocentes en España durante a Guerra Civil, sen ofender a historia xudía.

Os crimes dos republicanos cara aos relixiosos tiveron o mesmo alcance que os que logo promoveu a Igrexa en contra deles?

Non me gusta falar de crimes dos republicanos, senón de actos criminais que ocorreron dentro da República. É comprensible que, despois do asasinato e a persecución do clero dentro da zona republicana, a xerarquía eclesiástica estivese totalmente en contra da República. Pero tamén hai que ter en conta que a Igrexa estivo a favor do alzamento desde o primeiro momento. Os crimes dos anarquistas, que foron o sector maioritario que ostentou o anticlericalismo, intensificaron a oposición que mantivo a Igrexa cara á República.

O Vaticano beatificou a moitos mártires asasinados no conflito pero non pediu perdón polas vítimas que pereceron a mans dos curas. Cre que é necesario que o Vaticano peche este capítulo?

Creo que o feito de que o Vaticano non fixese isto non o cobre de gloria. E daríalle máis autoridade moral se o fixese.

Ao inicio da súa primeira visita a Galicia, en outubro do ano pasado, o Papa Bieito XVI comparou o anticlericalismo español dos anos 30 co secularismo actual. Que lle parece esta comparación?

Paréceme que o Papa revelou a súa total ignorancia sobre a historia de España.

Está de actualidade unha suposta trama de nenos roubados a partir do franquismo. Ten coñecemento de que isto fose unha modalidade de represión?

Non son experto nesa cuestión, pero é sabido que durante a guerra, nos cárceres de mulleres, en especial nos anos inmediatamente posteriores á guerra, había moito maltrato aos nenos. As nais podían levar con elas os fillos menores de tres anos, e as condicións eran pésimas e morreron moitos. E tamén hai numerosos casos de nenos roubados ás súas nais que foron dados en adopción, e non se sabe se había cartos de por medio. Con respecto aos nenos maiores de tres anos que non tiñan familiares ou amizades para facerse cargo deles, moitos remataron sendo nenos da rúa como os de Brasil. O escándalo actual creo que se cingue máis a un delito económico, a unha actividade que se fixo máis por afán de lucro que por motivos políticos. Considero que son dúas cousas diferentes.

O seu libro causou certa polémica sobre os feitos de Paracuellos. Carrillo mantén que el se limitou a ordenar o traslado de presos e vostede asegura que el coñecía todos os pormenores. Por que cre que segue sen admitir a súa participación nesa matanza?

Debería de preguntarlle a el. En todo caso, opino que o problema é que non hai ningunha dúbida de que Carrillo foi o encargado da organización loxística da evacuación dos presos. Iso admitiuno, pero ofuscou moito o proceso en numerosas entrevistas. O que tamén se sabe é que el coñecía o acordo cos anarquistas que controlaban as estradas de Madrid. Nese acordo tamén se decidiu matar a moitos deses presos. Iso tamén o sabía. Ademais, a persoa que se encargaba de organizar o día a día das evacuacións era Segundo Serrano Poncela, o segundo de

a bordo de Carrillo. El pode probar que nunca firmou nada e non temos documentos coa súa sinatura, do mesmo xeito tampouco existen textos que falen das execucións. Iso dáse por sobrentendido. A pesar da súa inmensa contribución á Transición, supoño que Carrillo non quererá ver as súas mans manchadas de sangue.

Que lle parece a aplicación da Lei de Memoria Histórica?

Ten os seus máis e os seus menos. A recente publicación do mapa de foxas paréceme moi importante porque abre a posibilidade de que os familiares saiban onde están enterrados os seus parentes e lles poidan dar unha sepultura digna. Logo houbo conflitos como no caso de Garzón, o que demostra que, recoñecendo os erros do mesmo xuíz no proceso, vemos que hai elementos que aínda non queren que se saiba toda a verdade do que pasou.

O pazo de Meirás, a antiga residencia estival de Franco, acaba de abrir ao público. Como valora que esta propiedade e outras moitas sigan en mans dos seus herdeiros?

A min loxicamente paréceme mal, porque os partidarios de Franco sempre din que el non roubou nada, pero eu diríalles que Franco roubouno todo porque pensou que todo era del. Cría que o patrimonio nacional era seu, como tamén pensaba a súa muller. E hai abundantes probas diso. A forma en que o pazo de Meirás foi regalado á familia sábese, foi unha especie de multa imposta sobre os cidadáns da Coruña e evidentemente iso debe de ser propiedade pública. E chama a atención que a casa natal de Franco, na actual rúa María de Ferrol, non estea aberta ao público e siga a ser propiedade privada.

En Madrid temos o mausoleo do Val dos Caídos, en Galicia temos a cruz franquista de Vigo e hai outros moitos símbolos vixentes. Cre que aínda falta vontade política para facer cumprir coa retirada deste tipo de iconas?

Estase perdendo a oportunidade de empregar eses símbolos como ferramenta de educación cívica, porque se retiralos causa hostilidade en certos sectores a solución sería utilizalos como ferramentas educativas. Iso serviría para explicar os crimes dos que teñen rúas nomeadas por eles. Poderíase explicar que o Val dos Caídos foi construído por escravos republicanos. Tamén lembro a estatua de Franco á entrada de Ferrol. Sería absurdo destruír estes símbolos porque sería absurdo pensar que Franco non foi unha achega importante á historia de España. A min gustaríame ver eses elementos nos museos. E como non se pode levar o Val dos Caídos a un museo, estaría ben que o propio Val dos Caídos fose un museo ao que se levasen os símbolos franquistas.

Dixo que escribir este libro lle supuxo un gran desgaste emocional. Ao parecer a súa muller Gabrielle atopouno chorando en ocasións. Foi duro escribir este libro?

Foi durísimo. Sempre intento empatizar coas persoas sobre as que escribo. No meu libro do Rei sentín moita empatía cara ao monarca, por como lle roubaron a súa infancia. E ao longo deste inmenso catálogo de horror e morte que foi a Guerra Civil, para facelo máis ameno, salpico o libro con casos reais. No caso da Coruña conto a historia da muller do gobernador civil, pero entrar en detalle nestes casos é duro. Eu son incapaz de non ver os meus sentimentos e as miñas emocións implicados, e tamén foi durísimo en termos de cantidade de traballo porque estiven preparándoo durante dez anos, día e noite e nas fins de semana. Este libro afectoume á saúde, supoño que é o que lle pasa aos historiadores do holocausto xudeu.